



MEMORIA-INFORME PARA TRAMITAR O CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES NON REMUNERADAS POR PARTE DO ESTUDANTADO

ANTECEDENTES E RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

A Universidade de Vigo ten como principal obxectivo prestar o servizo público de educación superior, realizando actividades de docencia e investigación e potenciando as prácticas en empresas ou institucións que contribúan á futura inserción laboral dos seus estudantes.

Por outra banda, de acordo coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico e o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Galego de Estatística, entre as funcións que se lle encomendan nos seus plans anuais de actuación figuran as prácticas de alumnos das universidades galegas. Todo isto en coherencia coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e como actuacións complementarias das reguladas na Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026.

Polo exposto parece oportuno subscribir un convenio de cooperación educativa entre ambas entidades para proporcionarlle ao alumnado da Universidade de Vigo a posibilidade de realizar prácticas académicas curriculares non remuneradas e tuteladas no Instituto Galego de Estatística.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Que, dentro da Secretaría Xeral do Instituto Galego de Estatística e de acordo co Decreto 60/2016, do 26 de maio, o Servizo Técnico Xurídico e de Contratación asume o impulso e a tramitación administrativa do expediente.
- Que se debe solicitar á Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda e Administración Pública un informe previo sobre o convenio.
- Que, por tratarse dun convenio sen achega ou obriga económica algunha, non se considera necesaria a súa fiscalización pola Intervención xeral ou delegada.
- Que, por non ter orzamento económico, tampouco cómpre aplicar a instrución segunda do Acordo do 29 de xuño de 2000 da Consellería de





Educación e Ordenación Universitaria, polo que se ditan instrucións para coordinar as achegas económicas da Xunta ás universidades galegas, relativa á solicitude de informe á Secretaría Xeral de Universidades.

- Que é aplicable o establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que conforman o capítulo VI "Dos convenios" dentro do título preliminar.
- Que tamén é aplicable o establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios que celebre a Xunta de Galicia, organismos autónomos e entes de dereito público dependentes dela con outras administracións ou entes de dereito público ou privado.

A xefa do Servizo Técnico Xurídico e de Contratación
Mónica Martínez Otero

A Secretaria Xeral
Rosa Elvira Fernández González

